



CAMPO DE VOLUNTARIADO “A CIADELLA” (SOBRADO DOS MONXES – A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
12-23/07/2021	18-30	Estatal	Arqueolóxico	12

LOCALIZACIÓN



Sobrado dos Monxes é unha pequena vila interior da provincia da Coruña. A súa vida sempre xirou en torno ao monasterio de Santa María, unha das xoias do barroco galego. Na actualidade segue sendo un importante lugar de espiritualidade e acollida de peregrinos.

DESCRIBIÓN DO CAMPO

O xacemento arqueolóxico da Ciadella foi interpretado desde o seu descubrimento a principios do século XX como un asentamento romano.

Os materiais atopados no campamento son abundantes, destacan os cerámicos como as cerámicas de importación como son as sigilatas hispánicas procedentes dos talleres de Tricio (Rioja Alavesa), ánforas do Mediterráneo Oriental, etc.



As moedas atopadas abarcan dende a época do emperador Domiciano (86 d. C.) ata Claudio o Gótico (270 d. C.). Grazas ao achádego dunhas 300 tellas, sabemos que a unidade militar que ocupou este campamento foi a Cohors I Celtiberorum.

Esta unidade militar permanece neste campamento ata ben entrado o século IV, que se traslada a Luliobriga (Reinosa - Santander).

Con posterioridade ao abandono campamental, este é ocupado de novo no século VII por unha poboación civil xermánica.

Neste campo de voluntariado traballaremos no acondicionamento e limpeza das estruturas arqueolóxicas do xacemento. Faremos tamén traballos de catalogación e dinamización de todo o descuberto. Todo o traballo estará guiado e supervisado por técnicos da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiro de queixo, pan e cestería.
- Excursións a Sobrado, ao Lugo, o Castro de Baroña e a Corrubedo.
- Veladas e foliadas.



COMO CHEGAR

Por estrada dende A Coruña, pódese viaxar coa empresa www.arriva.gal. Dende Santiago de Compostela ou dende Lugo con www.empresafreire.com.

A estación de tren de Teixeira, en Curtis, dispón de conexións diarias entre A Coruña e Lugo (www.renfe.es)

ALOXAMENTO

O aloxamento será na casa de turismo rural Abeiro da Loba: <https://abeirodaloba.com/>



CAMPO DE VOLUNTARIADO “A CIADELLA” (SOBRADO DOS MONXES – A CORUÑA)

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento. Alternativamente establécese un punto de encontro diante da Casa do Concello de Sobrado dos Monxes. No caso de optar por este punto de encontro alternativos, é imprescindible comunicalo por correo-e.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuídores do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).



DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.



Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.

- Saco de durmir e mochila para as rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de agua (chubasqueiro), de traballo (guantes, gorro)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.viatorimperio.com/ciadella Información do xacemento.

